
 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	Departamento de Orientación	CEIP ALBORADA
	PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	

INTRODUCCIÓN.

- 1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.**
- 2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES.**
- 3. OBXECTIVOS.**
- 4. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**
 - 4.1. ATENCIÓN XERAL
 - 4.1.1. A nivel de centro
 - 4.1.2. A nivel de aula
 - 4.2. ATENCIÓN AO ALUMNADO CON N.E.A.E.
 - 4.2.1. MEDIDAS ORDINARIAS.
 - 4.2.2. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.
 - 4.3. PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.
- 5. DETERMINACIÓN E CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E APLICACIÓN DE MEDIDAS PROPOSTAS.**
 - 5.1. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS DE APOIO.
 - 5.1.1. AVALIACIÓN INICIAL.
 - 5.1.2. CRITERIOS para o establecemento de apoios do profesorado non especialista en Pt e AL.
 - 5.1.3. CRITERIOS para o establecemento de apoios do profesorado especialista en Pt e AL.
 - 5.1.4. INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS.
 - 5.1.5. COORDINACIÓN, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN.
 - 5.3. DOTACIÓN DE RECURSOS E ACTUACIÓNS.
- 6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓN DOS/AS DISTINTOS/AS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.**
- 7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS E EXTERNOS AO CENTRO.**
- 8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS FAMILIAS/TITORES LEGAIS E SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.**
- 9. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DA INTERVENCIÓN DO D.O.**
- 10. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.**
- 11. ANEXOS**

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	Departamento de Orientación	CEIP ALBORADA
	PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	

INTRODUCCIÓN

De conformidade co artigo 10 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, o Plan xeral de atención á diversidade é o documento en que se articula a atención á diversidade a que se refire o artigo 121.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Neste plan concrépanse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que o centro diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do noso alumnado, tendo en especial consideración, seguindo o principio de inclusión, ao alumnado con necesidade educativa de apoio específico (NEAE).

Enténdese por alumnado con necesidade específica de apoio educativo as alumnas e os alumnos que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

Así, enténdese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais o que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

1.-XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.

O CEIP Alborada acolle ao alumnado das etapas educativas de Educación Infantil (2º ciclo)e Educación Primaria.


O colexio Alborada integra alumnado de todo tipo de procedencia socioeconómica, habendo familias con profesións liberais, empregados no sector servizos, autónomos,etc.A maioría do alumnado efamilias actuais proceden de zona urbana,dos barrios de influencia do centro(Elviña, Monelos, Novo Mesoiro...).

O alumnado deste Centro presenta unha gran variedade sociocultural de procedencia: hai alumnado de etnia xitana;tutelado pola administración, inmigrantes de etnia árabe, de América do Sur ou de Europa do leste;familias monoparentais, entre outras casuísticas.

Esta variedade achega riqueza dende o punto de vista educativo, que tamén esixe unha maior individualización na súa atención escolar;posto que a realidade e situacións das que procede o alumnado fai variar as necesidades educativas.

En canto á situación sociolingüística do centro, diremos que o perfil do alumnado tipo nas dúas etapas procede maioritariamente de familias castelán falantes. O alumnado, en consecuencia, tamén é maioritariamente castelánfalante.

O centro dispón de servizos de comedor escolar e transporte que son utilizados por gran parte do alumnado.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	Departamento de Orientación	CEIP ALBORADA
	PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	

A asociación de Nais e Pais de alumnos ANPA, en colaboración co Concello, Centros Cívicos e outros, organiza actividades extraescolares tanto culturais como deportivas en horario de tarde, destinadas a complementar a formación escolar e a crear hábitos saudables para unha axeitada utilización do tempo de ocio.

O CEIP Alborada defínese como democrático, pluralista e aconfesional. Está xestionado cun modelo participativo, manifestándose libre de calquera tendencia ideolóxica, relixiosa ou política determinada.

2.-IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE NECESIDADES.

Para a identificación e valoración das necesidades educativas do alumnado levaranse a cabo, principalmente dous procedementos de avaliación:

2.1. **A avaliación inicial**, con carácter xeral e preventivo, realizada polo equipo docente baixo a coordinación do profesorado titor, recollerá información procedente do curso ou da etapa anterior e/ou a chegada pola familia.

Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que sexa necesario, para solicitar da xefatura do departamento de orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

Procedemento


A partir da análise por parte do titor/a da avaliación practicada trasladarase ao departamento de orientación información sobre o alumnado que se presuma con dificultades de aprendizaxe ou de calquera outro tipo que incidan no seu rendemento escolar. Os resultados desta avaliación inicial reflectiranse no **Modelo de Avaliación Inicial** que figura nos Anexos deste Plan (**ANEXO I**), e trasladaranse ao protocolo de demanda de necesidades educativas para a súa entrega ao orientador na primeira quincena de outubro de cada curso.

2.2. **A avaliación psicopedagóxica** é o proceso sistematizado de recollida, análise e valoración da información relevante do alumnado, do seu contexto escolar, do contorno sociofamiliar e dos elementos que interveñen no proceso de ensino e de aprendizaxe.

A finalidade da avaliación psicopedagóxica é a identificación e a acreditación do desenvolvemento persoal e social, das competencias adquiridas e das necesidades educativas para poder fundamentar e concretar as propostas e as decisións sobre a resposta educativa que cumpra adoptar en relación con aspectos como a modalidade de escolarización máis axeitada, a determinación dos recursos e dos apoios específicos necesarios, a proposta de medidas de atención á diversidade e calquera outro favorecedor do desenvolvemento dese alumnado.

A avaliación psicopedagóxica do alumnado levarase a cabo cando concorra algunha das seguintes **situacións**:

- a) Existencia dalgún tipo de discapacidade, trastorno ou circunstancia que afecte o seu desenvolvemento xeral, así como a súa aprendizaxe; igualmente, se existen indicios de altas capacidades intelectuais.
- b) Os resultados da avaliación inicial deban complementarse con esa avaliación.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	Departamento de Orientación	CEIP ALBORADA
	PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	

- c) Prevese a necesidade dalgunha medida extraordinaria de atención á diversidade que require, previamente, esa avaliación.
- d) Prevese a necesidade de recursos educativos complementarios ou apoios especializados de difícil xeneralización.
- e) Considérase necesario elaborar ou modificar o ditame de escolarización.

Con carácter xeral, corresponde ao profesorado titor, cando se cumpra algunha das situacións descritas anteriormente e de acordo co correspondente protocolo de demanda, realizar a solicitude de avaliación psicopedagóxica á xefatura do departamento de orientación.

No proceso de avaliación psicopedagóxica obtérase información, cando menos, sobre os seguintes aspectos:

- a) Alumna ou alumno: datos de identificación, datos físicos e de saúde, desenvolvemento persoal e social, historia escolar, nivel de competencia curricular, grao de adquisición das competencias, potencial de aprendizaxe, intereses e grao de motivación, preferencias de aprendizaxe e necesidades educativas que presenta.
- b) Contexto escolar: aspectos do proxecto educativo, da organización do centro docente, da liña metodolóxica e da intervención educativa que inciden no desenvolvemento da alumna ou do alumno; características das relacións que a alumna ou o alumno establecen coas persoas profesionais que os atenden e coas súas compañeiras e cos seus compañeiros, tanto na aula como no ámbito xeral do centro docente.
- c) Contexto sociofamiliar: características da familia e do seu contorno social; aspectos que inflúen na situación actual da alumna ou do alumno; expectativas das nais, dos pais ou das persoas titoras legais do alumnado; grao de cooperación co centro docente; posibilidades de colaboración da propia familia; recursos socioculturais do contorno que utilizan a alumna ou o alumno ou aos que podería acceder.

A partir desa información, a persoa responsable da avaliación psicopedagóxica deberá concluír se se trata dunha alumna ou dun alumno con necesidade específica de apoio educativo, e especificar o tipo de necesidade específica de apoio educativo que presenta e os demais aspectos que deben formar parte do informe psicopedagóxico.


Para realizar a avaliación psicopedagóxica utilizaranse as técnicas e os instrumentos propios da orientación educativa e profesional, tales como a observación en diferentes contextos, a entrevista, os cuestionarios e as probas psicopedagóxicas, así como a análise das producións escolares e o expediente do alumnado.

Corresponde ao equipo docente, coordinado polo profesorado titor, achegar á xefatura do departamento de orientación información sobre a competencia adquirida respecto do currículo de referencia, a colaboración da familia, a interacción coas compañeiras e cos compañeiros, a actitude ante as propostas de aprendizaxe, o compromiso coas tarefas encomendadas e as medidas de atención á diversidade adoptadas.

A avaliación psicopedagóxica dunha alumna ou dun alumno escolarizados iníciase a partir do correspondente protocolo de demanda.

Na demanda de avaliación deberá acreditarse a información á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais da alumna ou do alumno.

O informe psicopedagóxico constitúe o documento en que se recollen os resultados e as conclusións da avaliación psicopedagóxica.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	Departamento de Orientación	CEIP ALBORADA
	PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	


O informe psicopedagógico incluirá a síntese da información obtida da alumna ou do alumno, considerando, cando menos, os seguintes aspectos:

- a) Datos persoais.
- b) Datos da demanda e motivo da avaliación.
- c) Desenvolvementoxeral da alumna ou do alumno, considerando:
 - 1º. Datos relevantes dos ámbitos físico, cognitivo, emocional e social.
 - 2º. Circunstancias persoais, familiares e de saúde de interese.
 - 3º. Influencia do contorno sociofamiliar no desenvolvemento da alumna ou do alumno.
 - 4º. Historia escolar.
 - 5º. Medidas adoptadas.
 - 6º. Competencia curricular nas distintas áreas ou materias e grao de adquisición das competencias.
 - 7º. Ritmo e preferencia de aprendizaxe.
 - 8º. Potencialidades, motivación, intereses e actividades preferidas.
 - 9º. Aspectos de creatividade e iniciativa persoal.
 - 10º. Adaptación socioafectiva, autoconcepto e autoestima.
 - 11º. Actitude ante o traballo escolar e expectativas académicas e persoais.
- d) Aspectos relevantes dos procesos de ensino e de aprendizaxe, tendo en conta:
 - 1º. Actuacións que favorecen ou dificultan o rendemento da alumna ou do alumno.
 - 2º. Características do seu grupo-clase.
 - 3º. Programas do centro docente en que participa.
 - 4º. Organización de espazos e tempos no centro docente e na aula.
 - 5º. Medidas de tipo educativo que se están a desenvolver.
 - 6º. Interaccións da alumna ou do alumno en situacións educativas formais e non formais.
 - 7º. As persoas profesionais implicadas na intervención educativa, recursos e coordinación.
- e) Identificación, de ser o caso, da necesidade específica de apoio educativo da alumna ou do alumno.
- f) Proposta de recursos e medidas de atención á diversidade.
- g) Orientacións para a intervención educativa.
- h) Procedemento para o seguimento e/ou revisión do informe.

Cando o informe psicopedagógico forme parte dun ditame de escolarización, deberá incluír a proposta de escolarización que se considere máis adecuada, en función das necesidades educativas que presente a alumna ou o alumno e dos recursos que necesite. Nos casos en que a xefatura do departamento de orientación considere que procede adaptar o currículo de determinada área ou materia, debe manifestalo no correspondente informe psicopedagógico, sen que iso teña carácter vinculante para o equipo docente.

Nos casos en que a xefatura do departamento de orientación considere conveniente unha flexibilización da duración do período de escolarización dunha alumna ou dun alumno, debe manifestalo no correspondente informe psicopedagógico, sen que iso teña carácter vinculante para a adopción desa medida.

O informe psicopedagógico resultante dunha avaliación psicopedagóxica ten carácter revisable, polo que se actualizará en calquera momento da escolarización da alumna ou do alumno cando se produzan modificacións significativas da súa situación.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	Departamento de Orientación	CEIP ALBORADA
	PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	

A xefatura do departamento de orientación informará o profesorado titor, e a súa nai, o seu pai ou as persoas titoras legais dos resultados e das conclusións da avaliación psicopedagóxica realizada, así como da proposta educativa que derive desta.

No caso de que as nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado demanden copia do informe psicopedagóxico, deberán solicitalo por escrito á dirección do centro docente.

O centro docente facilitaralles copia do informe solicitado; esa entrega consignarase no rexistro oficial de saída do centro e deixarase constancia escrita da recepción por parte da persoa solicitante no expediente da alumna ou do alumno.

Os informes psicopedagóxicos teñen carácter confidencial, polo que levarán esa indicación en todas as páxinas. Arquivarase o orixinal ou unha copia auténtica no expediente escolar da alumna ou do alumno.


Para a realización das avaliacións psicopedagóxicas, priorizarase ao alumnado con indicios de risco suicida ou evidencias de alteracións da saúde mental, procedente do estranxeiro, doutro centro, con necesidades educativas especiais, por demanda dos servizos públicos de saúde mental e alumnado con maiores dificultades académicas reflectidas no seu historial académico que non teñan informes previos.

As solicitudes de avaliación psicopedagóxica serán presentadas de forma ordinaria, na primeira quincena de outubro tras a avaliación inicial e reunión co orientador, cumprimentando o modelo do ANEXO X-a.

3.-OBXECTIVOS

Como obxectivos xerais, o presente plan propón:

- Introducirse nunha cultura profesional que adecúe o desenvolvemento do currículo á diversidade do alumnado.
- Diseñar actuacións que posibiliten o acceso ao currículo á totalidade do alumnado, desde os reforzos educativos, as avaliacións psicopedagóxicas, ata os apoios e a atención individualizada.
- Organizar os recursos persoais e materiais do centro co fin de facilitar unha resposta educativa adecuada a todo o alumnado, fundamentalmente aos que presentan necesidades específicas de apoio educativo.
- Planificar propostas educativas diversificadas de organización, metodoloxía e avaliación adaptadas ás necesidades de cada alumno.
- Establecer criterios pedagóxicos que orienten na adopción de decisións respecto do alumnado que presenta N.E.A.E.
- Ofrecer a todos os docentes do Centro as ferramentas necesarias e a formación e información suficiente como para poder atender á diversidade dos seus alumnos/as.
- Garantir a actuación coordinada de titores e especialistas para a correcta aplicación das medidas de atención á diversidade.
- Informar e asesorar ás familias dos alumnos/as para que en todo momento coñezan as medidas adoptadas e a evolución da súa aprendizaxe.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	Departamento de Orientación	CEIP ALBORADA
	PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	

- Fomentar a participación de nais e pais e implicalos no proceso educativo dos seus fillos.
- Facilitar o acceso ás familias aos servizos sociais e asistenciais da zona.
- Establecer canles de coordinación e colaboración cos diversos profesionais, institucións e organismos que atenden ao noso alumnado, tendo en conta os convenios establecidos pola Consellería de Educación.

4.- DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

As actuacións irán encamiñadas nunha dobre vertente: por unha banda, pretendemos establecer mecanismos e instrumentos que podan detectar canto antes as dificultades que un alumno/a poda ter en función das súas características; por outra, unha vez detectadas esas necesidades, cales serán as medidas para optimizar a resposta educativa.


4.1. MEDIDAS ORDINARIAS

Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas as que faciliten a adecuación do currículo prescrito, sen alteración significativa dos seus obxectivos, dos contidos nin dos criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros docentes e ás características do alumnado.

4.1.1. Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula ás características do alumnado

A NIVEL DE CENTRO

- **No proxecto educativo.** Dentro do proxecto educativo, é preciso concretar diferentes aspectos que van a condicionar as medidas de atención á diversidade:
 - **Concreción curricular.**
 - **Adecuación dos criterios e procedementos de avaliación das áreas.**
 - **Elaboración dos criterios de avaliación e promoción para cada un dos ciclos**
 - **Adecuación da metodoloxía de traballo ás características do alumnado.**
 - **Diseño de criterios de selección e uso de materiais curriculares.**
 - **Plan de Acción Titorial.**
 - **Plan de Convivencia.**
 - **Plan de benestar**
 - **Plan de Orientación.** O marco de referencia para a atención á diversidade é o Decreto 229/2011, a Orde 8/09/2021 e o Plan xeral de atención á diversidade reformulado nestas liñas.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	Departamento de Orientación	CEIP ALBORADA
	PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	

- **Adscrición do alumnado e do profesorado.**

Neste sentido, procurarase equidade na atención e distribución de recursos ao alumnado das aulas en función do número e tipo de alumnos con necesidades específicas de apoio educativo que teñan; asimesmo poderá terse en conta a formación e experiencia específica do profesorado na atención a alumnado NEAE.

➤ *Na programación xeral anual*, os aspectos que condicionarán as medidas de atención á diversidade son:

- **Flexibilización dos horarios.**

Intentar, dentro do posible, estruturar os horarios de maneira que permitan diferentes posibilidades de aproveitamento dos recursos humanos do centro.

- **Habilitación de espazos.**

Haberá que ter previstos horarios de uso, de todos os espazos do centro, para un mellor aproveitamento dos mesmos.

- **Organización do traballo en equipo.**


Estarán previstos tempos e espazos para a coordinación do profesorado que atende ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Os mestres especialistas en PT, AL e Xefe do Departamento de Orientación, a pesar da súa adscrición aos ciclos/niveis, poderán participar naquelas reunións de ciclo ou nivel nas que sexan requiridos/as en función do alumnado que atenden.

- **Organización dos apoios e reforzos . Desdoblamento de grupos.**

- **Materiais e recursos didácticos dispoñibles.**

Á marxe da intervención que se articula ao redor deste PXAD e do PAT que, entendemos que existen uns **recursos estratéxicos xerais** que cómpre ter en consideración. Eses recursos son:

- A predisposición do equipo directivo, co que se establecerá unha liña de comunicación, información e colaboración (asesoramento-consulta) permanente.
- A toma de conciencia de que somos un equipo, o que significa ter unha apertura de cara ás iniciativas que se presenten e unha xenerosidade cara ás decisións que se adopten.
- A acción “mentalizadora e exemplificadora” dos coordinadores e coordinadoras dos diferentes equipos así coma das especialistas en audición e linguaxe e en pedagogía terapéutica.
- A presentación de proxectos, ideas, programas, ... que axuden na toma de decisións, nas estratexias de aprendizaxe, nas medidas organizativas, na adquisición de hábitos, na integración, na educación en valores, na resolución de conflitos, na reflexión sobre o traballo e nas actuacións conxuntas.
- A redacción de circulares informativas sobre asuntos relacionados co labor docente (funcións dos titores e titoras, actividades de reforzo educativo, proceso dunha adaptación curricular, ...).

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	Departamento de Orientación	CEIP ALBORADA
	PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	

- A promoción de grupos de traballo que reflexionen e investiguen desde a propia actividade.
- O establecemento dunha relación titorial permanente co alumnado e periódica coas familias.
- As actuacións coa asociación de nais e pais de alumnos e alumnas, na procura dunha liña adecuada de colaboración e relación escola-familia.
- A dispoñibilidade e colaboración do orientador, tanto no que atinxe aos centros adscritos se houberse coma na relación cos demais orientadores da zona.

4.1.2. Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno e

4.1.3. Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión

O profesorado desenvolverá as programacións didácticas considerando o nivel de competencia curricular de cada alumna e/ou alumno e as axudas que precise, e tendo en conta os principios do deseño universal de aprendizaxe, facilitando espazos de participación para todas as alumnas e todos os alumnos.

Poderán utilizarse distintas estratexias de traballo colaborativo, tales como os grupos heteroxéneos, a aprendizaxe por proxectos, a aprendizaxe servizo e a tutoría entre iguais, entre outras. En todo caso, o profesorado empregará as alternativas metodolóxicas que mellor se adapten á construción que cada alumna e cada alumno deben facer da súa propia aprendizaxe, segundo as áreas, as materias, os ámbitos e/ou os módulos, os espazos e os tempos.

➤ Na programación de cada área:


- **Obxectivos didácticos orientados ás competencias clave.**

Se isto é de xeral aplicación para todo o alumnado, máis se cabe para o que ten necesidade específica de apoio educativo. Centrar os obxectivos nas competencias é un modelo plausible que pode axudar ao alumnado, sobre todo, ao que ten máis dificultades.

- **Contidos en función dos obxectivos**
- **Priorización de estratexias e procedementos.**
- **Criterios de avaliación orientados a informar do nivel de dominio dos obxectivos previstos.**
- **Actividades variadas e adaptadas aos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe.**
- **Materiais variados e diversificados, para distintos niveis, ritmos e intereses.**

Na selección e realización das actividades:

- Dificultade adaptada e progresiva.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	Departamento de Orientación	CEIP ALBORADA
	PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	

- Distintos tipos de agrupamento.
- Empregando diversos espazos e recursos.
- Dentro e fóra da aula.
- Favorecendo o uso das tecnoloxías da información e comunicación.
- Buscando a integración co resto de compañeiros/as.
- Que favorezan e promovan a coordinación entre distintas aulas do mesmo nivel/ciclo.

Na avaliación:

- Buscando a participación do alumno/a na propia avaliación (autoavaliación e coavaliación).
- Favorecendo o traballo cooperativo, que promove obxectivos comúns e diversas formas de avaliación.
- Estimulando o traballo por proxectos que facilita unha mellor concepción das competencias básicas e unha máis doada inclusión dentro dun grupo.
- Establecendo criterios adaptados aos obxectivos previstos e que informen do nivel de dominio das competencias básicas.

4.1.4. Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación

O profesorado adaptará os tempos, os instrumentos e os procedementos de avaliación da área, da materia, do ámbito ou do módulo que imparta ás circunstancias do seu alumnado. Esta adaptación terá unha consideración especial no caso do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.


Na adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación poderanse considerar a forma de comunicación que o alumnado necesite, a secuenciación das tarefas, a verificación da comprensión das tarefas, a dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos e a concesión do tempo necesario. Igualmente, o profesorado informará cada alumna e alumno sobre o seu desempeño nas tarefas de avaliación, para aproveitar o potencial de aprendizaxe que ten comparado o producido polo alumnado coagardado ou demandado polo profesorado.

Prestarase atención ás propostas que, en relación coa avaliación, figuran nos plans, nos proxectos, nos programas, nas guías e nos protocolos elaborados pola Consellería.

4.1.5. Aula de atención educativa e convivencia

A aula de atención educativa e convivencia é aquela na cal se atende, temporalmente, o alumnado que, pola súa conduta inadecuada, impida o normal desenvolvemento do traballo dunha sesión lectiva do seu grupo-clase.

Non se enviará ningunha alumna nin ningún alumno a unha aula de atención educativa e convivencia sen tarefas para realizar durante a súa permanencia nela, que non excederá o tempo que dure a sesión lectiva en que se producise a conduta inadecuada.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	Departamento de Orientación	CEIP ALBORADA
	PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	

Correspóndelle ao profesorado que remita alumnado a esa aula proporcionar as tarefas que cada alumna ou cada alumno deban realizar, así como corrixilas e avalialas.

O alumnado derivado á aula de atención educativa e convivencia deberá desenvolver actividades de habilidades e competencias sociais proporcionadas polo Departamento de Orientación.

As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado remitido a esta aula serán informadas, segundo o procedemento establecido no centro, en desenvolvemento da súa autonomía, cada vez que asistan á referida aula, e indicaráselles o motivo desa remisión. A xefatura de estudos levará un rexistro do alumnado derivado, o profesorado que o deriva e os motivos.

De ser o caso, esta aula poderá empregarse cos mesmos fins que a aula de convivencia inclusiva a que se refire o artigo 25 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

4.1.6. Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria

O reforzo educativo é unha medida de atención á diversidade que afecta a secuencia de contidos, as formas e os instrumentos de avaliación, a organización da aula, o agrupamento do alumnado e todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía. Está destinado ao alumnado que coa modificación dos elementos citados pode seguir o proceso ordinario de ensino e de aprendizaxe.

As medidas de reforzo educativo debe elaboralas a mestra ou o mestre que imparta a área en que a alumna ou o alumno necesite esa medida, co coñecemento do profesorado titor, e este deberá informar a xefatura de estudos e a nai, o pai ou as persoas titoras legais do alumnado.


O desenvolvemento das medidas de reforzo educativo levarase a cabo no contexto escolar ordinario e polo profesorado que imparta a área.

En determinados casos, o reforzo educativo do profesorado que imparta a área pode contar coa colaboración de profesorado con dispoñibilidade horaria, que actúa como un apoio xeral ao conxunto da aula. (O apoio realizado por este profesorado atenderá prioritariamente ao alumnado repetidor, que promocióne con áreas suspensas, con dificultades no proceso de adquisición da lectoescritura, outro alumnado con dificultades puntuais que o profesorado titor considere e grupos-clase con problemática condutual.)

Con carácter xeral, as medidas de reforzo educativo reflectiranse nos documentos oficiais de avaliación do alumnado. Ao final de cada curso, o profesorado, coordinado pola persoa titora, elaborará un informe individual dos reforzos educativos levados a cabo, segundo o modelo deseñado polo departamento de orientación do centro docente, (**anexos II e III**) que serán arquivados segundo o procedemento establecido polo centro.

4.1.7. Programas de enriquecemento curricular

Os programas de enriquecemento curricular son programas de tratamento personalizado destinados ao alumnado que presenta altas capacidades intelectuais. A finalidade destes programas é promover e desenvolver os distintos talentos, dando resposta ás

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	Departamento de Orientación	CEIP ALBORADA
	PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	

inquietudes, ás potencialidades e ao interese por aprender que manifeste o dito alumnado, e manter o seu nivel de motivación.

O alumnado con altas capacidades intelectuais, pode ser destinatario deses programas. Deberán desenvolverse na aula ordinaria e terán como referente o currículo do curso en que estea escolarizado o alumnado con altas capacidades intelectuais. É competencia e responsabilidade do mestrado titor e de área a oferta de actividades e a organización da aula para que a diversidade do alumnado se beneficie desa medida.

A aplicación dun programa de enriquecemento curricular reflectirase nos documentos oficiais de avaliación do alumnado. Cumprimentarase o modelo de informe do (**anexo IV**)

4.1.8. Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso

Cando unha alumna ou un alumno de educación primaria permaneza un ano máis no mesmo curso, debe seguir un plan específico de reforzo, que ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverse ao longo de todo o curso.

O plan específico de reforzo debe incluír, cando menos:


- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

4.1.9. Programas de habilidades e competencias sociais

Desenvolveranse programas de habilidades e competencias sociais para a totalidade do alumnado nos cales se promova a adquisición das competencias sociais e cognitivas necesarias para favorecer a empatía, a autoestima, a comprensión das demais persoas e a interacción satisfactoria con elas, a solidariedade, o respecto e a tolerancia ante as discrepancias, a expresión correcta das propias opinións e dos sentimentos, e todo o que signifique a mellora das relacións e da convivencia. Estas actuacións desenvolveranse en todas as áreas e terán a consideración de elementos transversais do currículo.

O programa ha de contribuir á adquisición de habilidades e competencias sociais por parte do alumnado como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente. Así mesmo, elaborárase e desenvolverse un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	Departamento de Orientación	CEIP ALBORADA
	PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	

sociais específico para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro. Este programa aplicarase coordinadamente entre o departamento de orientación e o profesorado titor, que procurarán implicar o resto do profesorado e as familias e, de ser o caso, os servizos sociais correspondentes, para lograr conxuntamente o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

Neste sentido contamos, nos **Anexos do Plan de Acción Titorial**, con diversos Programas de Habilidades Sociais, dirixidos ás diferentes etapas e niveis da Educación Infantil e Primaria. Deste xeito os titores e titoras disporán dalgún modelo do que partir para levar a cabo nas titorías.

4. 2. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

De conformidade co artigo 9 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas as dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

4.2.1. Adaptacións curriculares

As adaptacións curriculares, ou adaptacións do currículo, son medidas extraordinarias de atención á diversidade que afectan os elementos prescritivos do currículo; van dirixidas ao alumnado con necesidades educativas especiais e, excepcionalmente, ao restante alumnado con necesidade específica de apoio educativo.


Para a adopción desta medida cumprirá que no informe psicopedagóxico resultante da avaliación psicopedagóxica se entenda como a máis idónea para atender as necesidades educativas dunha alumna ou dun alumno e despois da aplicación doutras medidas de atención á diversidade.

Suporán a modificación, a ampliación, a redución ou a supresión de parte ou todos os elementos prescritivos do currículo.

Axustaranse ao nivel de competencia curricular da alumna ou do alumno, ao seu desenvolvemento e ao seu potencial de aprendizaxe, así como ás súas características persoais e sociais. Para a súa elaboración partírase do currículo de referencia, entendido este como o do ciclo ou nivel en que a alumna ou o alumno estean matriculados, para chegar ao currículo adaptado, entendido como o que conforma a adaptación curricular que se vai desenvolver ao longo do ciclo a familia será informada desta medida de atención á diversidade, do cal quedará constancia por escrito.

➤ Procedemento para a elaboración:

1. Realización da avaliación psicopedagóxica e posterior elaboración do informe psicopedagóxico por parte da xefatura do departamento de orientación. Nese informe debe constar o nivel de competencia curricular da alumna ou do

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	Departamento de Orientación	CEIP ALBORADA
	PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	

- alumno, achegado polo profesorado das áreas susceptibles de adaptación e coordinado polo profesorado titor. Ese nivel de competencia será o punto de partida para o axuste do currículo.
2. Convocatoria e coordinación, por parte da xefatura de estudos, dunha reunión á cal deben asistir o equipo docente do alumnado e a xefatura do departamento de orientación. Nesta reunión analizaranse os resultados da avaliación psicopedagóxica e decidirse a pertinencia ou non de realizar a adaptación do currículo e as áreas para adaptar. O orientador redactará e custodiará a acta desta reunión.
 3. Elaboración da proposta de adaptación de cada área por parte do profesorado que a imparte no modelo proporcionado polo departamento de orientación. Igualmente o mesmo profesorado será o responsable do desenvolvemento e da avaliación da adaptación curricular, en colaboración, de ser o caso, co profesorado de apoio ao alumnado con necesidades educativas especiais. Para tal fin existe un modelo de **Ficha de seguimento trimestral da AC** que figura nos **Anexos deste Plan**.
 4. O orientador conformará o expediente da adaptación, que se axustará ao modelo que figura no anexo II da orde de 8 de setembro de 2021.
 5. A dirección do centro docente enviará o expediente da adaptación curricular ao servizoterritorial de Inspección Educativa, a quen lle compete a autorización. Esta solicitude farase antes da finalización do mes de novembro, agás no caso das adaptacións curriculares que forman parte dos expedientes de flexibilización da duración do período de escolarización.

Formarán parte do expediente do alumno unha copia da adaptación curricular e a súa autorización polo servizo territorial de Inspección Educativa.

O desenvolvemento das adaptacións curriculares realizarase, na medida do posible, no contexto da aula ordinaria coordinado polo profesorado titor, quen convocará as reunións de seguimento que se consideren necesarias.


A avaliación do alumnado nas áreas adaptadas realizaraa o profesorado que as imparte, coas achegas do profesorado de apoio, de ser o caso, e conforme os criterios de avaliación establecidos na adaptación curricular.

Os referentes da avaliación do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na dita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ou titulación.

A información das avaliacións que se facilite ás familias incluirá as cualificacións obtidas nas áreas ou nas materias adaptadas, segundo os criterios de avaliación incluídos nas correspondentes adaptacións curriculares. Nesta información incluírase tamén unha valoración cualitativa do progreso da alumna ou do alumno. O profesorado titor será o responsable, coa colaboración do equipo docente e da xefatura do departamento de orientación, de elaborar e trasladar esa información.

A duración das adaptacións do currículo poderá ser dun ciclo.

As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado teñen dereito a que se lles facilite, por parte do centro docente e logo da súa solicitude, unha copia da adaptación curricular autorizada.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	Departamento de Orientación	CEIP ALBORADA
	PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	

4.2.2. Os agrupamentos flexibles.

Consisten en agrupamentos temporais de alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe en determinadas áreas ou materias en que necesita unha atención máis individualizada, e ao cal a oferta de medidas ordinarias de atención á diversidade non lle abonda para seguir con éxito os procesos de ensino e de aprendizaxe. Estes agrupamentos só poderán realizarse nos dous derradeiros cursos (5º e 6º).

O alumnado derivado a un grupo flexible pertencerá, para todos os efectos, a un mesmo nivel educativo, e manterase a necesaria coordinación entre o profesorado do grupo ordinario e o do agrupamento flexible. Esta medida ten un carácter reversible, xa que a súa finalidade é a pronta incorporación do alumnado ao seu grupo ordinario.

poderán realizarse, prioritariamente, nas áreas ou nas materias de Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, e Matemáticas, e o alumnado permanecerá nestes agrupamentos a totalidade do horario semanal da área ou da materia. Unha mesma alumna ou un mesmo alumno poderá ser derivado a máis dun grupo flexible, sempre que non se superen, con carácter xeral, os 13 períodos lectivos da totalidade do horario semanal do grupo ordinario. deberán organizarse co profesorado con dispoñibilidade horaria e, prioritariamente, que xa lle imparta docencia ao alumnado que vaia integrar o agrupamento

O número máximo de alumnado de cada agrupamento flexible será de oito.

A proposta de conformación dun agrupamento flexible realizarase de acordo co procedemento seguinte:

Convocatoria dunha reunión, por parte da xefatura de estudos, logo da avaliación final ordinaria e, de ser o caso, da extraordinaria, á cal asistirán a xefatura do departamento de orientación e o profesorado titor do nivel educativo, para analizar a situación do alumnado con dificultades nas áreas que poderían ser obxecto de agrupamento. O alumnado proposto non poderá contar no mesmo curso académico con adaptación curricular na área ou na materia en que se propón o agrupamento.

Informe do profesorado titor e do orientador sobre o alumnado que podería beneficiarse dese agrupamento.


Información á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais sobre a medida e a súa conformidade expresa. O traslado desa información e a obtención da conformidade correrán a cargo do profesorado titor.

Durante o mes de setembro, a dirección do centro docente solicitaralle ao servizo territorial de Inspección Educativa a autorización do agrupamento flexible, incluíndo:

As áreas ou as materias que se impartirán así como as programacións adaptadas de cada unha delas; relación do alumnado seleccionado, con indicación dos criterios de selección e das medidas ordinarias aplicadas a cada un; o horario semanal en que este alumnado permanecerá no agrupamento e a relación de profesorado que se encargará da súa docencia nel, o procedemento de coordinación entre o profesorado do agrupamento flexible e o profesorado da área ou da materia do grupo ordinario, e a conformidade expresa das nais, dos pais ou das persoas titoras legais do alumnado afectado.

No caso de alumnado de nova incorporación ao centro docente, a decisión adoptarse tendo en conta a información achegada polo departamento de orientación do centro de procedencia ou, de ser o caso, logo de realizada a avaliación inicial

A avaliación e a cualificación do alumnado dun agrupamento flexible corresponderalle

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	Departamento de Orientación	CEIP ALBORADA
	PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	

ao profesorado que imparta a área

Ao remate do curso escolar, o profesorado titor do alumnado do agrupamento flexible, coa colaboración da xefatura do departamento de orientación e do profesorado que imparte as áreas ou as materias do agrupamento, elaborará un informe individualizado de cada alumna ou alumno que participase nel, no que se indicará a efectividade da medida, así como a proposta sobre a continuidade, se procede, no curso seguinte.


A participación dunha alumna ou dun alumno nun agrupamento flexible farase constar nos documentos oficiais de avaliación e calquera modificación da configuración dos agrupamentos flexibles será comunicada pola dirección do centro ao servizo territorial de Inspección.

4.2.3. Apoio por parte do especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe.

A intervención profesional do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e do especialista en Audición e Linguaxe débese entender como un recurso dirixido especialmente á atención educativa do alumnado con **necesidades educativas especiais**, sen prexuízo de que, excepcionalmente, atenda outro alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

O profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e o especialista en Audición e Linguaxe realizarán as seguintes funcións específicas:

- a) Colaborar coa xefatura do departamento de orientación na proposta de organización da docencia de apoio.
- b) Prestar atención docente directa ao alumnado con NEE e ao alumnado NEAE, segundo a proposta de distribución da docencia do profesorado de apoio realizada pola xefatura do departamento de orientación á xefatura de estudos e autorizada pola dirección do centro docente. Esa atención en ningún caso substituirá a do profesorado titor.
- c) Elaborar os programas de intervención para o alumnado que atende, en colaboración do profesorado titor e orientador, considerando:
 - 1) As competencias adquiridas e as necesidades educativas que presenta a alumna ou o alumno, que deben constar no informe psicopedagóxico.
 - 2) O currículo de referencia da alumna ou do alumno. De tratarse de alumnado con adaptación curricular, deberá considerar o currículo adaptado.
 - 3) O enfoque metodolóxico do profesorado de apoio en relación co que aplica o profesorado da área ou da materia en que o alumnado recibe o apoio.
 - 4) A coordinación co profesorado titor e co profesorado da área ou da materia en que o alumnado recibe o apoio.
 - 5) O seguimento e a avaliación do programa, que incluírá indicadores de avaliación. A información obtida deses procesos daralla a coñecer o profesorado de apoio ao equipo docente, cando menos, nas sesións de avaliación e segundo as indicacións e asesoramento do orientador.
- d) Colaborar, de ser o caso, na elaboración das adaptacións curriculares do alumnado que atende, así como no seu seguimento e avaliación.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	Departamento de Orientación	CEIP ALBORADA
	PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	

- e) Participar na planificación e no desenvolvemento das actuacións e das medidas que favorezan a inclusión da diversidade do alumnado.
- f) Asistir ás sesións de avaliación do alumnado que atende, con voz e sen voto.
- g) Cumprimentar, ao remate de cada trimestre, un informe individual de cada alumno a quen prestase apoio, segundo o modelo facilitado polo departamento de orientación, o terceiro, con carácter final, incluírase no seu expediente.

A atención docente directa por parte do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica ou en Audición e Linguaxe realizarase, con carácter xeral, dentro da aula ordinaria do alumnado a que apoia. Fóra da aula ordinaria esa atención terá carácter excepcional, deberá constar no informe psicopedagógico, terá unha distribución semanal equilibrada e non poderá exceder a terceira parte dos períodos lectivos semanais, que en ningún caso suporá a totalidade do horario lectivo semanal dunha determinada área agás que o alumnado estea escolarizado nunha modalidade diferente á ordinaria, e poderá desenvolverse, con carácter xeral, en pequeno grupo, cun máximo de cinco alumnas ou alumnos de forma simultánea.

Da atención excepcional fóra da aula a que se refire o parágrafo anterior, exclúense as intervencións do profesorado de Audición e Linguaxe que teñan que ver coa reeducación da produción oral do alumnado. Neste caso, esas intervencións só ocuparán unha fracción do período lectivo.

Ao finalizar o curso escolar, e tomando como fonte os informes de apoio do alumnado, o profesorado de apoio elaborará unha memoria na cal incluírá, cando menos, os seguintes aspectos:

- a) Cantidade de alumnado que apoiou ao longo do curso, con indicación da ensinanza e do nivel educativo.
- b) Valoración da coordinación co profesorado titor e co profesorado das áreas nas cales realizou as intervencións de apoio.
- c) Valoración da repercusión das medidas de apoio no alumnado.
- d) Previsións para o curso seguinte e propostas de mellora, de ser o caso.


A memoria entregaráse á xefatura do departamento de orientación para incluír, como anexo, na memoria anual do mesmo.

4.2.4. A flexibilización da duración do período de escolarización.

Enténdese por flexibilización da duración do período de escolarización a redución ou a ampliación da permanencia nunha determinada etapa, por tratarse, respectivamente, de alumnado con altas capacidades intelectuais ou de alumnado con necesidades educativas especiais. A acreditación das altas capacidades intelectuais ou das necesidades educativas especiais corresponde aos servizos de orientación.

Por redución da duración do período de escolarización para o alumnado con altas capacidades intelectuais considéranse as seguintes flexibilizacións:

- a) Na etapa de educación infantil:

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	Departamento de Orientación	CEIP ALBORADA
	PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	

Redución dun ano escolar para o alumnado con acreditación de altas capacidades intelectuais; poderá comezar a educación primaria no ano natural en que cumpra os cinco anos de idade.

b) Na etapa de educación primaria:

Redución dun ano escolar, independentemente de que se reducise ou non a súa permanencia en educación infantil, para o alumnado con acreditación de altas capacidades intelectuais. Esta redución afectará, con carácter xeral, o segundo curso do ciclo, de xeito que o alumnado que reduce a duración do período de escolarización poida realizar o novo ciclo completo, comezándoo no seu primeiro curso, e non afectará, con ese mesmo carácter, o derradeiro curso da etapa.

O procedemento é o seguinte:

a) Solicitude da dirección do centro docente á xefatura territorial que corresponda, achegando a seguinte documentación:

- 1º. Informe do profesorado titor en que se xustifique a necesidade desa medida.
- 2º. Informe psicopedagóxico, en que conste, entre outros aspectos, a acreditación da alta capacidade intelectual da alumna ou do alumno e se especifiquen as medidas de atención á diversidade adoptadas.
- 3º. Conformidade expresa da nai, do pai ou das persoas titoras legais da alumna ou do alumno.
- 4º. Copia do historial académico ou do informe persoal. Na súa ausencia, certificación académica.
- 5º. Proposta de adaptación do currículo.

Por ampliación da duración do período de escolarización considéranse as seguintes flexibilizacións:

a) Na etapa de educación infantil:

Ampliación dun curso escolar para o alumnado con necesidades educativas especiais, que non poderá permanecer nesa etapa máis alá dos sete anos de idade, feitos no ano natural en que finaliza o curso escolar. Cando esa ampliación se produza no primeiro ciclo de educación infantil, a incorporación ao segundo ciclo realizarase ao primeiro curso dese ciclo.


b) Na etapa de educación primaria:

Ampliación dun curso escolar para o alumnado con necesidades educativas especiais, que non poderá permanecer nesa etapa máis alá dos quince anos de idade, feitos no ano natural en que finaliza o curso escolar. A ampliación realizarase no segundo curso do terceiro ciclo, logo de esgotada a medida excepcional de repetición de curso dentro da etapa.

O procedemento para acollerse ás flexibilizacións por ampliación da duración do período de escolarización do alumnado escolarizado no terceiro curso do segundo ciclo de educación infantil e na etapa de educación primaria é:

a) Solicitude da dirección do centro docente á xefatura territorial que corresponda, xunto coa seguinte documentación:

- 1º. Informe do profesorado titor, no cal se xustifique a necesidade desa medida.
- 2º. Informe psicopedagóxico da xefatura do departamento de orientación, no cal se especifiquen as medidas de atención á diversidade adoptadas.
- 3º. Conformidade expresa da nai, do pai ou das persoas titoras legais da alumna ou do alumno.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	Departamento de Orientación	CEIP ALBORADA
	PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	

4º. Copia do historial académico ou do informe persoal. Na súa ausencia, certificación académica.

5º. Proposta de adaptación do currículo.

4.2.5. Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro docente

Para o alumnado que non poida asistir con regularidade por un período prolongado ao centro docente en que estea escolarizado, por prescrición médica, doenza, vulnerabilidade propia ou conviventes vulnerables como consecuencia dunha emerxencia sanitaria, por lesión ou por permanecer ingresado nun centro hospitalario a tempo completo ou en hospitalización de día; establécense:

- A atención educativa domiciliaria.
- A atención educativa hospitalaria.
- A atención educativa virtual.

4.2.6. Atención educativa ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela

O alumnado en situación de tutela, garda ou acollemento debe contar coas medidas de protección que garantan a súa escolarización e o seu desenvolvemento integral. Ese alumnado será considerado como alumnado con necesidade específica de apoio educativo polas súas condicións persoais ou de historia escolar.

4.2.7. Atención educativa ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar

Na atención educativa deste alumnado terase en conta:

- a) A súa consideración como alumnado con necesidade específica de apoio educativo polas súas condicións persoais ou de historia escolar.
- b) A súa escolarización nos casos de cambio de centro docente.
- c) A continuidade do seu proceso educativo, adoptando as medidas de atención á diversidade que procedan, así como o coidado de todos os aspectos que favorecen o seu desenvolvemento persoal e social.


4.2.8. Atención educativa ao alumnado pertencente a familias itinerantes

Ese alumnado será considerado, para todos os efectos, alumnado con necesidade específica de apoio educativo polas súas condicións persoais ou de historia escolar.

4.2.9. Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro

O alumnado procedente do estranxeiro terá a consideración de alumnado con necesidade específica de apoio educativo polas súas condicións persoais ou de historia escolar.

Este alumnado poderá, se ten unha idade comprendida entre os tres anos e o límite da

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	Departamento de Orientación	CEIP ALBORADA
	PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	

escolarización obrigatoria, participar nun grupo de adquisición de linguas e/ou nun grupo de adaptación da competencia curricular se presenta, respectivamente, descoñecemento das dúas linguas oficiais de Galicia e/ou desfasamento curricular de dous cursos ou máis con respecto ao que lle correspondería pola súa idade.

No momento da incorporación da alumna ou do alumno ao sistema educativo farase a avaliación inicial, que, de considerarse necesario, se complementará coa avaliación psicopedagóxica que realice a xefatura do departamento de orientación. Se tras esa avaliación se detecta que a alumna ou o alumno presentan un desfasamento curricular de máis de dous cursos, poderanse escolarizar no curso inmediatamente inferior ao que lle correspondería por idade, incorporándose ao curso correspondente á súa idade no caso de superar ese desfasamento.

4.2.10. Grupos de adquisición de linguas

Son agrupamentos de alumnado de educación primaria e, excepcionalmente, do derradeiro curso de educación infantil que, procedendo do estranxeiro, descoñeza as dúas linguas oficiais de Galicia. Este alumnado poderá formar parte dun grupo de adquisición de linguas un tempo máximo dun trimestre, ampliable.

O alumnado que forme parte dun grupo de adquisición de linguas deberá pertencer a unha mesma etapa educativa, sen necesidade de estar escolarizado no mesmo ciclo ou nivel, pero debe permanecer co seu grupo ordinario nas áreas, nas materias e nos momentos que máis favorezan a súa integración e a súa inclusión.

O horario semanal máximo de pertenza a un grupo de adquisición de linguas será de cinco períodos lectivos semanais no derradeiro curso da educación infantil; dez, no primeiro ciclo da educación primaria; vinte, no segundo e no terceiro ciclos da educación primaria; e vinte e catro, na educación secundaria obrigatoria. Estes períodos lectivos semanais deberanse reducir progresivamente a medida que o alumnado vaia progresando no dominio da lingua vehicular da aprendizaxe.


En educación primaria e en educación infantil, de ser o caso, encargárase calquera mestra ou mestre da correspondente etapa que conte con dispoñibilidade horaria. Ese profesorado coordinarase co profesorado titor do grupo ordinario a que pertenza a alumna ou o alumno, co asesoramento da xefatura do departamento de orientación.

4.2.11. Grupos de adaptación da competencia curricular.

Dirixidos aos alumnos e alumnas estranxeiros ou de incorporación tardía ao sistema educativo español, de 3º, 4º, 5º ou 6º de Ed. Primaria, cun desfase curricular de 2 ou máis cursos.

Decidirase a conformación dun grupo de adaptación da competencia curricular cando, a partir da avaliación inicial, realizada no momento da incorporación do alumnado ao sistema educativo galego e que pode complementarse coa avaliación psicopedagóxica, se verifique o desfase curricular.

O tempo semanal dedicado a este grupo será de 8 períodos semanais, no que recibirán apoio e reforzo nas áreas nas que presentan o desfase curricular.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	Departamento de Orientación	CEIP ALBORADA
	PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	

O profesorado encargado dos grupos de adaptación da competencia curricular será calquera mestra ou mestre que conte con dispoñibilidade horaria.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa e da Xefatura Territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

4.3. PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Serían os seguintes programas:

Plan de acción tutorial.

Plan de convivencia.

Plan lector.

Plan TICS.

Programa de Habilidades Sociais.

5.-DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS


5.1. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS DE APOIO.

5.1.1. AVALIACIÓN INICIAL.

Pártese da información obtida na avaliación final do curso anterior e/ou da avaliación inicial do curso actual, de ser o caso. Revisanse os casos propostos: expediente, historial académico, informes...

É fundamental a avaliación da competencia curricular e a análise de necesidades de cada alumno proposto para recibir medidas de apoio. Compételle ao titor ou titora, que pode contar coa colaboración da especialista de pedagogía terapéutica (PT), a especialista a Audición e Linguaxe e outros mestres que desempeñen tarefas de apoio e, mesmo, do Departamento de Orientación.

O titor ou, no seu caso, o profesor da área ha de valorar se un alumno debe ser obxecto de medidas organizativas ou curriculares distintas das que lle poda proporcionar no marco da aula ordinaria. De non poder dar unha resposta educativa axeitada, debe dirixirse ao departamento de orientación, que realizará as actuacións pertinentes para unha axeitada avaliación de cada caso. Nesta avaliación inicial valoraranse principalmente as habilidades instrumentais do alumnado, recomendándose a realización de proba de comprensión lectora, ditado e composición escrita, para a valoración das linguas; e seriación, cálculo de operacións básicas e resolución de problemas para a valoración da área de matemáticas.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	Departamento de Orientación	CEIP ALBORADA
	PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	


5.1.2. CRITERIOS PARA ESTABLECEMENTO DE APOIOS DE PROFESORADO CON DISPOÑIBILIDADE HORARIA.

O Decreto 229/2011 establece no art. 8, dentro das medidas ordinarias de atención, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria. A xefatura de estudos coordinará o apoio que o profesorado non especialista en P.T. e A.L. realice dentro das aulas segundo os seguintes criterios:

1. Priorizarase o establecemento de apoios en función das necesidades do centro.
2. Apoiarase preferentemente a aquel alumnado que precise medidas de reforzo educativo. O xuízo do profesor-titor/a, e se é o caso o orientador, establecerá os criterios concretos para cada alumno/a. Procurarase priorizar seguindo esta orde de preferencia: alumnado repetidor, alumnado que promociona con áreas instrumentais suspensas, alumnado con dificultades no proceso de adquisición da lectoescritura, outro alumnado con dificultades puntuais que o profesorado titor considere, grupos clase con problemática condutual.
3. Agás casos excepcionais debidamente xustificados, o apoio realizarase sempre dentro da aula.
4. O profesor titor/a pode apoiar aos propios alumnos/as na clase de profesorado especialista que non sexa de P.T e/ou A.L. para realizar as actividades propias da especialidade. Tamén neste caso debe haber unha xustificación pertinente.
5. Intentarase rentabilizar o tempo de apoio estruturando as clases de maneira que o profesorado de apoio non teña que esperar a que remate unha explicación para comezar o seu labor.
6. A distribución do horario de apoio do profesorado non especialista en P.T. e A.L. seguirá estas pautas:
 - Evitar, na medida do posible, a entrada de dúas persoas na aula.
 - Intentar que eses apoios sexan realizados nas materias instrumentais.
 - Primar en horas ás aulas que teñan maior número de alumnos/as con necesidade específica de apoio educativo e/ou plans específicos de reforzo.

5.1.3. CRITERIOS PARA ESTABLECEMENTO DE APOIOS DE PROFESORADO ESPECIALISTA EN P.T. e A.L.

No que aos criterios para a utilización dos servizos de apoio de P.T. e A.L. atinxe, considérase que, tendo sempre como referentes os principios de integración, inclusión e normalización, a proposta de organización de atención ao alumnado terá en conta:

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	Departamento de Orientación	CEIP ALBORADA
	PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	

O apoio do profesorado especialista en Audición e Linguaxe centrarase prioritariamente nos ámbitos da comunicación, da linguaxe e da fala, atendendo por tanto, ao seguinte alumnado: alumnado con deficiencia auditiva (considerando o grao de déficit); trastornos graves da comunicación (TXD, TEA.); trastornos específicos da linguaxe (TEL, afasias, disfasias...), alumnado con alteracións na fala (disglosias, disartrias, disfemias, disfonías, retrasos na fala), alumnado con dislalias funcionais (priorizarase ao alumnado de 6º de Infantil e 1º ciclo de Primaria); dificultades específicas de aprendizaxe que requiran de traballo na concienciación fonolóxica (dislexias tendo en conta o seu grao). Asimesmo, poderá desenvolver intervencións para estimulación e prevención a nivel de pequeno grupo na etapa infantil naqueles casos con dislalias evolutivas máis persistentes.

Asimesmo, farase un listado de espera co alumnado que teña que recibir atención por especialista en AL. Tamén poderá ser requerido para colaborar nas avaliacións do alumnado en relación á súa especialidade.

O apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica, centrarase prioritariamente nos ámbitos dos procesos cognitivos, o desenvolvemento do currículo, as habilidades sociais e o desenvolvemento emocional, atendendo ao seguinte alumnado:

- 1º alumnado con necesidades educativas especiais que precisen da medida extraordinaria de adaptación curricular/flexibilización e alumnado con trastorno grave de conduta;
- 2º alumnado NEAE con dificultades específicas de aprendizaxe, alumnado con TDAH, alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo, alumnado con condicións persoais, privación sociocultural ou de historia escolar e alumnado de altas capacidades. Estas condicións estarán asociadas a dificultades no rendemento académico (baixas cualificacións) e que precisen atención a maiores das medidas ordinarias desvoltas. En calquera caso o profesorado titor e especialista desenvolverá as medidas do correspondente protocolo.

En xeral, os apoios non terán un carácter permanente senón temporal e flexible. As posibles modificacións destes apoios (ampliación, redución, continuidade ou supresión), faranse tendo en conta a situación académica e progreso do alumno en relación aos obxectivos propostos, as cualificacións e a idoneidade e/ou priorización da atención ao alumnado en función dos recursos humanos dispoñibles. As consideracións sobre as posibles modificacións na atención ao alumnado explicitaranse nos informes trimestrais e actas de avaliación.


O apoio das dúas especialidades terá un carácter global e coordinado naqueles alumnos que compartan e co profesorado titor.

Asimesmo:

1. Valorarase a continuación dos apoios iniciados no ano anterior sempre e cando non teñan superadas as dificultades que aconsellaron a súa inclusión nos programas de apoio.

2. Atenderase prioritariamente as idades temperás e aos primeiros cursos de Primaria

(Educación Infantil e 1º ciclo Educación Primaria). A distribución das sesións realizarase de forma progresiva comezando co alumnado con necesidades educativas

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	Departamento de Orientación	CEIP ALBORADA
	PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	

especiais nos cursos inferiores para ir subindo ata o último curso onde haxa alumnos NEE.

3. Na etapa infantil recibirán apoio aqueles alumnos/as que así o aconselle o correspondente informe psicopedagóxico, debendo respectar os principios de atención temperá. Nesta etapa as actuacións diríxense, en principio, á prevención, con programas grupais como o de estimulación da fala, podendo ser impartido polo profesorado especialista en AL, ou de ser o caso profesorado de apoio e/ou titor.

4. O apoio exercerase, agás excepcións debidamente fundamentadas, sobre as áreas instrumentais.

5. O apoio farase dentro da aula ordinaria aínda que, en función do tipo de apoio e buscando a optimización de recursos, pode facerse fóra en casos xustificadas.

6. Nos casos de alumnado que, extraordinariamente reciba apoio fóra da aula reforzase a materia que se estea a impartir á mesma hora na aula ordinaria.

7. Procurarase ter en conta o horario do grupo no que se imparte a materia obxecto de dificultade intentando que coincidan tempos e materias pero, como o profesorado titor/a ten máis posibilidades para modificar o horario da aula, no caso de non coincidir coa materia que se pretende reforzar, debería ser o profesor titor/a quen modificase o seu horario para facilitar os apoios.

A ser posible non se usará o horario das especialidades de Ed. Física, Inglés, Música e Relixión, así como o horario no que empregan as TICs ou a Biblioteca.

8. A proposta de atención a este alumnado, realizada polo orientador coa participación de todo o profesorado implicado, será presentada á xefatura de estudos, a comezo de curso.

9. O apoio ao proceso lectoescritor no primeiro e segundo curso non é competencia específica do profesorado de A.L. e/ou P.T. Como o Decreto 229/2011 e a orde 8/9/2021 indican, este profesorado está destinado á atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo e máis concretamente o alumnado con necesidades educativas especiais.


6.1.4. INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS.

Enviarase modelo de autorización de intervención PT/AL ás familias.

Tal e como se recolle no D.229/2011 no seu artigo 35.2. as **familias** teñen dereito a **obter unha copia do Informe Psicopedagóxico** do/a alumno/a. Deberán solicitalo por escrito, para o cal dispoñemos dun **Modelo** nos Anexos deste Plan.

6.1.5. COORDINACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

Para conseguir que este traballo planificado sexa unha tarefa común e coherente cos obxectivos previstos, parece conveniente facilitar periodicamente reunións entre os profesionais que interveñen, para avaliar o grao de eficacia das medidas desenvolvidas, ademais do intercambio de información e de experiencias, na procura de introducir as modificacións que se consideren pertinentes, debido ao carácter reversible que teñen

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	Departamento de Orientación	CEIP ALBORADA
	PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	

estas medidas. A avaliación continua implica non só verificar o nivel de adquisición de obxectivos; é o propio proceso (organización, medidas, metodoloxía) o que ten que ser sometido a reflexión e análise.

O seguimento atinxe tamén ás familias, polo que se recomenda, como mínimo, unha reunión trimestral.

5.2. DOTACIÓN DE RECURSOS E ACTUACIÓNS.

5.2.1. NO ÁMBITO ESCOLAR.

A atención á diversidade, en especial ao alumnado con NEAE deberá contar cunha dotación adecuada de material e de profesorado especialista (PT e A.L.). A dotación de profesorado de P.T. e A.L. vén dada polo catálogo do centro, e polo que determine a administración educativa.


En consecuencia, cando do alumnado con discapacidades se trata, os informes psicopedagóxicos deben indicar que tipo de material específico e que profesorado especialista se require, para ofrecer a eses alumnos e alumnas unha atención de calidade. A principios de curso, o profesorado especialista en P.T. e A.L. xunto co orientador do centro reuniranse para establecer o material necesario para mellorar a atención ao alumnado. A lista de material cursarase por escrito á dirección do centro.

A distribución das sesións de atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo levarase a cabo no departamento de orientación coa colaboración co profesorado especialista e baixo a coordinación da xefatura de estudos para establecer os horarios.

Os criterios para esta distribución están recollidos nos apartados 5.1.2 e 5.1.3 deste plan.

5.2.2. NO ÁMBITO INFRAESTRUTURAL.

A escolarización de alumnos e alumnas con NEAE requirirá que o centro adecúe os seus servizos ás necesidades que estes ou estas presenten. De aí que a supresión de barreiras, a ubicación nunha determinada aula, a adaptación dos baños, o servizo de transporte, o comedor escolar, os accesos ao pavillón escolar, etc. deberán considerar as circunstancias específicas dos nenos e nenas con NEAE. Todo o cal debe quedar claramente determinado nos informes de escolarización e/ou atención, tal e como establece a Lei 8/1997, 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na comunidade autónoma galega e no Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	Departamento de Orientación	CEIP ALBORADA
	PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	

6.-CONCRECIÓNS DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN ÁS MEDIDAS DISEÑADAS PARA O CENTRO

6.1. MARCO LEXISLATIVO BÁSICO.

Para concretar as accións dos distintos profesionais do centro para a atención á diversidade temos o Decreto 229/2011 que regula a atención á diversidade e a Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve ese Decreto. Así mesmo como marco legislativo a nivel estatal a Lei orgánica 3/2020 do 29 de decembro e a Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio.

6.2. CONCRECIÓN DALGUNHAS ACTUACIÓNS NO CENTRO


Á hora de falar da atención educativa a alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo é imprescindible falar da existencia dunha estreita colaboración entre todos os profesionais que tratan de darlle a resposta educativa máis axeitada.

Para que esta colaboración sexa efectiva é preciso coñecer e recalcar cales son as funcións de cada un. Se as observamos detidamente dámonos conta de que se solapan entre elas, e que todas precisan dunha coordinación específica para ser levadas a cabo.

A continuación pasamos a detallar a modo de resumo, as funcións dos profesionais implicados na resposta educativa a alumnos/as con NEAE.

6.2.1. As actuacións do equipo directivo.


- Canalizar as propostas do profesorado de cara á atención á diversidade para que sexan recollidas nos documentos de organización e funcionamento do centro e quede constancia delas.
- Prever momentos de encontro escola-familia, organizando reunións formativas e informativas para as familias e solicitando a súa colaboración na educación do alumnado, xa que esta concíbese como unha tarefa común.
- Promover o debate colectivo que permita a explicitación, a clarificación e o achegamento das concepcións que temos sobre a diversidade e as formas de abordala.
- Promover e potenciar experiencias de traballo cooperativo e por proxectos que resultan máis inclusivas.
- Fomentar a formación permanente do profesorado no coñecemento de estratexias para atender á diversidade.
- Potenciar distintas modalidades organizativas de atención á diversidade (agrupamentos flexibles, talleres, organización por módulos, etc.)

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	Departamento de Orientación	CEIP ALBORADA
	PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	

- Facilitar a formación de equipos de profesores desde a organización para posibilitar unha acción máis coordinada, para apoiar proxectos que teñan propostas interdisciplinarias e/ou modalidades de agrupamento heteroxéneas.
- Acordar, a principios de curso, as canles e contidos para a colaboración entre os equipos docentes dentro do nivel e do ciclo antes de comezar as clases.
- Coordinar o axuste das programacións especialmente no referente ás respostas educativas ante necesidades especiais e/ou apoio.
- Reunións cos equipos de nivel para tratar determinados aspectos (elaboración de documentos, preparación de materiais, preparación de actividades extraescolares, preparación de actividades para festividades...)
- Establecer o calendario de reunións periódicas entre os mestres de apoio e orientación para o seguimento e avaliación do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Dar as pautas, en colaboración co departamento de orientación, para a revisión dos diferentes plans e programas que se aplican no centro.

6.2.2. As actuacións do profesorado titor/a.

- Desenvolver con todo o alumnado programas relativos á mediación e mellora da convivencia, aos hábitos e técnicas de estudo, á toma de decisións e ao pensamento creativo e emprendedor.
- Coordinar ao profesorado que intervén nun mesmo grupo de alumnos/as para garantir a coherencia do proceso de ensino e aprendizaxe.
- Durante o curso realizaranse as reunións co conxunto das familias que esixe a normativa e, a poder ser, cando menos, unha individual con cada unha delas.
- Informar ao seu grupo sobre a estrutura, normativa e servizos do Centro, potenciando a súa participación na organización da vida escolar, dedicando especial interese ao coñecemento e cumprimento das normas de convivencia.
- Informar sobre os aspectos máis relevantes do curso, criterios de avaliación, recuperacións, etc.
- Ser receptor da problemática xeral e persoal dos alumnos/as do seu grupo e intentar resolvela.
- Realizar actividades dirixidas a facilitar a integración e participación nas actividades do centro do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias conforme aos criterios do plan aprobado no Consello Escolar.
- Realizar a avaliación inicial e trasladar ao departamento de orientación o alumnado susceptible de recibir medidas de reforzo ou apoio.
- Elaborar os programas de reforzo necesarios así como as ACS coa colaboración de P.T, AL., e no seu caso, o orientador e levar a cabo o seu seguimento.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	Departamento de Orientación	CEIP ALBORADA
	PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	

- Seguimento e avaliación do alumnado con necesidade específica de apoio educativo xunto con P.T, AL., outro profesorado de apoio e orientador.
- Control do absentismo escolar a través do control da asistencia diaria e posta en marcha do protocolo de absentismo caso de ser necesario.
- Adaptación da programación en función dos resultados obtidos durante cada unha das avaliacións especialmente no caso de alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Comentar os resultados de cada unha das avaliacións cos alumnos/as e familias e acordar propostas de mellora.
- Desenvolver programas de técnicas de traballo intelectual e estratexias de aprendizaxe con especial atención ao alumnado con necesidade educativa de apoio específico.
- Desenvolver un programa de educación emocional centrado nas habilidades sociais que favoreza a inclusión do alumnado con necesidade educativa de apoio específico.
- Colaborar co departamento de orientación no proceso de avaliación psicopedagóxica, cumprimentando a solicitude de información que lle sexa requerida principalmente no referido á valoración das capacidades do alumno e o seu rendemento no contexto da aula, o nivel de competencia curricular e o seu estilo de aprendizaxe.


6.2.3. As actuacións do profesorado especialista en A.L. e P.T.

A actuación principal é propiciar a integración do alumnado con necesidade educativa de apoio específico, mediante:

- A atención preferente e directa.
- Achegamento de materiais curriculares adaptados a este alumnado.
- O asesoramento e apoio ao profesorado do centro.

O profesorado de P.T e A.L. terá as seguintes funcións:

- Colaborar na avaliación psicopedagóxica do alumnado ao que se lle detectaron necesidades educativas especiais.
- Elaborar, xunto co profesorado e co asesoramento do orientador, as adaptacións curriculares Individualizadas.
- Colaborar co profesorado no seguimento e avaliación do alumnado e dos programas de intervención, procedendo ao reaxuste continuo destes últimos, se fose necesario.
- Elaborar, xunto co profesorado, as adaptacións dos materiais didácticos que o alumnado precisa para acceder ás aprendizaxes.
- Colaborar co profesorado titor nas relacións coas familias para o seguimento do alumnado con necesidades educativas especiais.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	Departamento de Orientación	CEIP ALBORADA
	PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	


- Intervir directamente co alumnado con necesidades educativas especiais no desenvolvemento dos aspectos determinados nas correspondentes adaptacións curriculares e nos programas de intervención individual.
- Elaborar, xunto co profesorado, o programa de intervención individual co alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Informar periodicamente ás familias sobre o desenvolvemento escolar, social e afectivo dos seus fillos, directamente ou a través do profesor titor/a.
- Redactar ao finalizar cada trimestre o informe final cos resultados obtidos. Para tal fin existe un **Modelo de Informe para o profesorado especialista en PT e AL** que figura nos **Anexos deste Plan**.
- As intervencións especializadas propostas para o alumno/a con necesidades educativas especiais realizaranse polo profesorado de pedagogía terapéutica ou polo profesorado de audición e linguaxe e estarán coordinadas polo orientador do centro.
- O profesorado de A.L. colaborará co profesorado de educación infantil para establecer as pautas de corrección de dificultades de articulación de tipo evolutivo. Tamén colaborará co orientador na avaliación de alumnado a nivel de valoración da linguaxe, principalmente a expresión oral na etapa infantil.

O profesorado de A.L. atenderá prioritariamente a:

- Alumnado con deficiencias auditivas significativas ou con trastornos graves da comunicación.
- Alumnado con trastornos específicos da linguaxe.
- Alumnado con deficiencias na articulación (dislalias) e na fluidez verbal. (Neste aspecto, estableceranse as intervencións individuais de AL tendo en conta prioritariamente o tipo e cantidade de erros articulatorios, as dificultades asociadas a nivel de comprensión e expresión; e a idade do alumnado tendo preferencia o alumnado de 6º de Infantil e 1º e 2º niveis de Primaria sobre o alumnado máis maior.)
- Alumnado con dificultades de aprendizaxe que afecten ao proceso de lectura e escritura de carácter non evolutivo (dislexias).
- Alumnado que precise procesos de estimulación e habilitación determinados nas adaptacións curriculares e nos programas de reforzo e apoio.

7.2.4. As actuacións do profesorado de apoio non especialista en P.T. e/ou A.L.


- Apoiar dentro da aula seguindo as indicacións do profesor titor/a, coordinados pola orientador.
- Centrar o seu apoio no reforzo de materias instrumentais e no uso de estratexias de aprendizaxe axeitadas.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	Departamento de Orientación	CEIP ALBORADA
	PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	

- Formar parte do equipo de profesorado do nivel e, polo tanto, con opinión sobre a avaliación do alumnado a quen apoie.
- Colaborar co profesor titor/a no deseño e realización de actividades que fomenten a inclusión e colaboración: traballo en parellas, pequenos grupos, grupos cooperativos para unha actividade concreta...
- Colaborar co titor/a no deseño das funcións e actuacións de cada profesor dentro da aula, no axuste da planificación ao tempo que se dispón e aos días en que a aula recibe o apoio, no coidado en considerar se ambos profesores están dando a mesma mensaxe ao alumnado...
- Avaliar con regularidade, xunto co profesor titor, os resultados da súa intervención co fin de melloralala.
- Redactar ao finalizar cada curso o informe final cos resultados obtidos. Para tal fin existe **unha Ficha de Seguimento do RE para o profesorado non especialista en PT e AL** que figura nos **Anexos deste Plan**.
- De ser o caso, a comunicación coas familias será a través do profesorado titor/a.

7.2.5. As actuacións do departamento de orientación.

- Valorar as necesidades educativas dos alumnos/as a partir da avaliación inicial do profesorado e deseñar e avaliar programas específicos de intervención.
- Colaborar cos titores/as no deseño de medidas, métodos e técnicas para a adquisición e desenvolvemento das técnicas instrumentais básicas.
- Asesorar ao profesorado en aspectos relacionados coa atención do alumnado obxecto de apoio e reforzo educativo.
- Revisión e actualización das actuacións do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Colaboración na elaboración de adaptacións curriculares e na programación de actividades de recuperación, reforzo e enriquecemento.
- Determinación das medidas de atención á diversidade a adoptar, acordes ás necesidades detectadas .
- Colaborar nas modificacións ou reestruturacións do horario do profesorado de P.T e A.L. á vista das novas incorporacións de alumnos/as con necesidades de apoio educativo e os seus horarios persoais, coa coordinación da Xefatura de Estudos.
- Avaliación das actuacións de apoio educativo xunto co profesor titor e o profesorado especialista, de ser o caso.
- Detección, valoración e asesoramento da intervención de alumnos/as con necesidade específica de apoio educativo.
- Coordinación con especialistas e titores de cara a revisar adaptacións curriculares individualizadas.
- Planificación dos reforzos e apoios: tipo, modalidade e tempos.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	Departamento de Orientación	CEIP ALBORADA
	PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	


- Potenciación do apoio grupal fronte ao individual, dentro da aula, reservando o apoio fóra a casos excepcionais e debidamente xustificados.
- Recollida de demandas de intervención, análise e priorización das mesmas.
- Intervención propiamente dita.
- Elaboración do informe psicopedagóxico e/ou ditame de escolarización se procede.
- Entrevista para dar a coñecer ás familias os resultados da avaliación psicopedagóxica así como dos recursos existentes no centro e do sistema educativo.
- Propor na CCP medidas para axustar o proceso de ensino-aprendizaxe ás necesidades específicas do alumnado coa finalidade de mellorar a resposta educativa.
- Asesorar ás familias do alumnado en xeral e de alumnado con necesidades educativas en especial, para unha adecuada atención no fogar.

7.-MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS

O Decreto 229/2011, no art. 41,3. establece: *“O plan xeral de atención á diversidade deberá especificar os mecanismos de coordinación entre as distintas etapas e entre os centros educativos implicados”*. No que atinxe ao alumnado, e especialmente ao que ten necesidade específica de apoio educativo, a transmisión de información do titor/a que finaliza un ciclo ao que comeza un novo co neno é básica para comezar a traballar sobre o que outro ten xa coñecido. Como di o mesmo Decreto, no art.41: *“A posta en común da información recollida na documentación do alumnado e, particularmente, nos informes de fin de ciclo e/ou etapa, tanto do profesorado titor/a como do departamento de orientación, de ser o caso, formarán parte dese proceso de coordinación”*.

A información transmitida polo titor/a que deixa ao alumno/a debe constar de:

- A situación familiar, o historial, a relación dos pais coa escola, o grao de colaboración...
- Descrición da problemática do neno.
- Grao de consecución dos obxectivos do nivel.
- Estilo de aprendizaxe do alumno/a.
- Medidas de reforzo ou adaptación curricular.
- Reforzadores aos que é máis susceptible.
- Apoios específicos recibidos, tempos e contidos.
- Informes do departamento de orientación, da profesora de P.T. e/ou da profesora de A.L.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	Departamento de Orientación	CEIP ALBORADA
	PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	


A estruturación da atención á diversidade esixe ter en consideración:

1. A coordinación entre niveis.
2. A colaboración do profesorado en tarefas de apoio.
3. O paso de E.I. a E.P.
4. A preparación para a nova etapa educativa.

Unha vez establecidas medidas organizativas e curriculares para determinados alumnos e concretadas no correspondente programa de reforzo ou adaptación curricular, resulta fundamental coordinar debidamente o desenvolvemento das mesmas así como intercambiar información e experiencias, co fin de avaliar e dotar de coherencia ao proceso e deste xeito poder fundamentar calquera decisión que se tome ao respecto. Debe constituír unha responsabilidade conxunta e non un conxunto de actuacións e decisións independentes e descontextualizadas.

Entre os distintos mecanismos de colaboración e coordinación internos contamos cos seguintes:

- Coordinación entre mestres tutores, mestres de área, PTs, ALs e orientador.
 - Reunións semanais no Departamento de Orientación.
 - Reunións do Orientador cos tutores/as.
 - Reunións de ciclo/nivel.
 - CCP.
 - Claustro.
 - Xuntas de Avaliación.
- Coordinación coas familias:
 - Mediante reunións periódicas co mestre tutor.
 - Reunións co orientador.
 - Informes escritos.
 - Chamadas telefónicas.
 - A través da dirección do centro.
 - Notas nos cadernos e/ou axendas dos alumnos e alumnas.
 - Contactos informais nas entradas e saídas do alumnado.
- Coordinación co DO do IES:
 - Reunións trimestrais.
 - Conversas telefónicas.
 - Coordinación de actividades conxuntas CEIP e IES.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	Departamento de Orientación	CEIP ALBORADA
	PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	

Finalidade destas reunións

Poñerse ao día mutuamente sobre o desenvolvemento da programación e das actuacións previstas, intercambiar impresións e información sobre a eficacia das medidas que se están levando a cabo ou propoñer posibles modificacións que se queiran introducir para mellorar a resposta ás necesidades destes alumnos.

Aspectos que se deben tratar nas reunións


- Contidos e actividades traballados nas últimas sesións, tanto no contexto ordinario como fóra da aula, se é o caso.
- Metodoloxía e materiais empregados.
- Información relativa ao alumno: actitude, motivación, estilo de aprendizaxe, colaboración da familia nos termos establecidos na reunión inicial, integración nas actividades da aula ordinaria, etc.
- Avaliación do proceso: grao de consecución de obxectivos, adecuación da modalidade de apoio, dos métodos utilizados ou dos agrupamentos propostos.
- Planificación conxunta das próximas sesións:
 - o Contidos que se deben priorizar.
 - o Actividades: seleccionar exercicios específicos. Con respecto ao libro de texto: reducir ou adaptar exercicios e mesmo descartar ou pospoñer aqueles que non conduzan a adquisición dos obxectivos específicos propostos.
 - o Unificación de criterios para as posibles tarefas extraescolares que se encomenden.
- Calquera outro que a instancias dos asistentes poida ter relevancia.

Frecuencia

Aínda que depende dos casos, en principio o indicado sería unha periodicidade trimestral . A comezo de cada curso, o xefe de estudos, oída a CCP, debe prever na organización dos horarios a periodicidade da reunión de departamento de orientación .

No caso do **paso de Educación Infantil a Primaria**, poderanse reunir os titores de 6º nivel de Infantil cos de 1º de Primaria ao finalizar o curso e/ou a comezo do seguinte . Esta coordinación debería centrarse especialmente nos criterios para o tratamento do proceso lectoescritor xa que é unha información máis que relevante para evitar interferencias de métodos. Se a coordinación entre o profesorado de calquer nivel é necesaria, resulta imprescindible cando se trata de infantil e o primeiro nivel de primaria. Criterios básicos desta colaboración poden ser os seguintes:

1. Tratamento da prelectura e lectura.
2. Tratamento da preescritura escrita.
3. Tratamento da lóxica-matemática.
4. Aspectos organizativos.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	Departamento de Orientación	CEIP ALBORADA
	PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	

Polo que respecta á **incorporación dos nosos alumnos á ESO**, realízase un programa de portas abertas que pretende facilitar o tránsito entre as dúas etapas educativas coa menor solución de continuidade posible no centro de secundaria onde se matriculan maioritariamente. Este programa leva xa anos en vigor e debe ser revisado coa orientadora do IES, para que o noso alumnado poda coñecer as características máis relevantes dos IES onde están adscritos.

8.-CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO


Neste apartado lémbrese que debemos intentar que as familias nos consideren como aliados no labor de educar aos seus fillos e para iso é fundamental unha información fluída e frecuente. As diversas formas de comunicación son:

- As reunións de tutoría grupal coas familias. Debe realizarse polo menos unha ao principio de curso, podendo ademáis facerse unha por trimestre. Deben ter unha orde do día coñecida por todos para evitar intervencións individuais.
Trátase de comentar aspectos xerais de todo o grupo de alumnos/as e de motivar aos pais para unha maior colaboración co centro. Estas reunións serven tamén de escolas de pais polo que pode solicitarse a colaboración doutros profesionais para realízalas.
- Reunións titoriais individuais o día da semana que se fixe. A hora de tutoría será fixada desde principio de curso e comunicada a toda a comunidade educativa. Agás casos excepcionais, as titorías deben ser concertadas con data e hora que fixará o profesorado. O profesorado non titor dará a información pertinente ao titor das entrevistas realizadas ou que desexe realizar coas familias.
- As circulares informativas, de centro e/ou tutoría.
- As comunicacións a través de correo electrónico, ou da aplicación abalar.

Centrarémonos, a continuación, na colaboración con diferentes servizos alleos ao centro. Estes son:

Solicítase a colaboración do Equipo de Orientación Específico (EOE) sempre que se dea algunha das seguintes circunstancias:

- Proposta de cambio de modalidade de escolarización.
- Necesidade dunha avaliación externa ao centro.
- Deseño de programas e formas de actuación que o centro non teña previstas no plan xeral de atención á diversidade.
- A solicitude de intervención dalgún membro do EOE será formulada polo director do centro ou polo orientador.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	Departamento de Orientación	CEIP ALBORADA
	PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	

Unidades de atención do SERGAS: logopedia e Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil (USM-IX)

A comunicación coas persoas responsables destes servizos realizarase a través do departamento de orientación. A profesora de A.L. en coordinación co orientador encargárase da coordinación co servizo de logopedia que atenda ao alumnado do centro.

Atención Primaria (Pediatria)

Unha atención á diversidade adecuada require a intervención multidisciplinar. A información aportada polos profesionais da menciña deberá ser tomada en consideración para a formulación dos programas de reforzo, as adaptacións curriculares, programas de modificación de conduta, etc.

Actividades e Aulas de apoio ao aprendizaxe dos Servizos Sociais do Concello.

A persoa responsable dos programas de axuda nos Centros Cívicos (das distintas zonas nas que reside o alumnado) así como da Escola Intercultural e o departamento de orientación poñeranse en contacto para intercambiar información sobre a oferta que o centro ten para o curso, as diferentes modalidades de atención e o alumnado que previsiblemente poda optar a estas actividades. Esta información será trasladada polo orientador aos titores para que fagan partícipes ás familias. O profesor/a que teña alumnos que desexen acudir a estas actividades, deberá comunicarllo ao orientador co fin de cumprimentar o protocolo que o Centro Cívico ten ao respecto. A prioridade de atención é para os nenos/as que teñan dificultades de aprendizaxe. Para a **derivación de alumnado a estas actividades de apoio educativo e promoción social existen uns modelos específicos nos Anexos deste Plan.**

Profesionais da psicoloxía e/ou da educación que interveñan desde o ámbito privado.

Neste aspecto o intercambio de información aterase ao disposto no protocolo de protección de datos da Xunta de Galicia, que establece que só haberá intercambio de información coas entidades que teñan convenio coa Consellería, no listado que consta no departamento de orientación.


A información do alumnado polo tanto só se dará a pais e titores legais, e a aqueles organismos recollidos no antedito protocolo. A este efecto cumprimentarase o **anexo X.**

9.-PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DA INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN E APLICACIÓN DE MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.

Unha vez expostas as necesidades detectadas e os obxectivos que pretendemos acadar dende o departamento de orientación, imos determinar o **procedemento xeral que vai seguir a intervención orientadora:**

As demandas de intervención ao Departamento seguirán o seguinte procedemento:

1. Entrevista co orientador previa cita e cumprimentación do modelo de solicitude (**as demandas faranse sempre por escrito**). No caso que se determine proceder coa avaliación psicopedagóxica:

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	Departamento de Orientación	CEIP ALBORADA
	PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	

2. Autorización para a avaliación dos pais ou titores legais.
3. Cumprimentación de entrevista-cuestionario por profesorado titor e especialista para recabar a maior información posible no ámbito ordinario da aula. En función do motivo da demanda determinarase o tipo de cuestionario a cumprimentar (cuestionario altas capacidades, tdah, conduta, infantil ou primaria...)
4. Cumprimentación de probas psicopedagóxicas de avaliación e observación do alumno por parte do orientador.
5. Entrevista e/ou cuestionario á familia (por parte do orientador, en caso de estimarse oportuno).
6. Recollida, análise e valoración por parte do orientador e elaboración de Informe psicopedagóxico.
7. Reunión co profesorado titor e especialista, de ser o caso, na que se determinarán as actuacións a levar a cabo por parte dos distintos axentes que se determine no informe.
8. Reunión coa familia para darlle traslado do informe psicopedagóxico e medidas derivadas.

***No caso en que a demanda veña motivada por solicitude da familia debido a alegación de condicións do alumnado (aportación informes externos altas capacidades, dislexia...) igualmente o profesorado titor cumprimentará o modelo de solicitude previa consulta ou asesoramento en relación ao protocolo correspondente establecido pola Consellería. Estas condicións deben ser acreditadas mediante avaliación psicopedagóxica.**

10.- PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

Este plan pretende ser o documento base que indique a maneira de traballar a diversidade no noso centro. É un documento vivo que se vai desenvolvendo coa experiencia e aportacións das sucesivas persoas que exercen o cargo da xefatura do departamento de orientación do colexio. Cada novo curso escolar vai a plantexar retos e posibles situacións para as que non teñamos prevista a resposta adecuada e que irán perfilando posibles modificacións e aportacións ao presente documento.


De aí que teremos que partir dunha avaliación con detalle de todo o realizado no curso con respecto á atención ao alumnado con necesidade específica se pretendemos mellorar o traballo feito. Esta avaliación terá dúas vertentes:

1. Avaliación cuantitativa.

Recollerá substancialmente os datos que se aportan no drdoriente (aplicación informática pertencente ao XADE que recolle os datos do D.O. anualmente) e que podemos concretar en :

Alumnado con RE sen apoio

Alumnado con apoio de Pedagogía Terapéutica

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	Departamento de Orientación	CEIP ALBORADA
	PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	

Alumnado con apoio de Audición e Linguaxe

Alumnado estranxeiro que foi obxecto dalgunha medida curricular ou organizativa.

Alumnado que tivo informe psicopedagóxico.

Alumnado con ACS.

Alumnado a quen se aplicou programa de reforzo.

Alumnado proposto para flexibilizar ou prolongar a súa escolaridade .

Estes datos serán aportados polos equipos de ciclo e o departamento de orientación.


2. *Avaliación cualitativa.*

Farase nas últimas reunións do departamento de orientación e incluirá:

- Grao de consecución dos obxectivos propostos.
- Valoración por parte do profesorado da idoneidade do plan.
- Valoración dos recursos empregados e novas necesidades.
- Nivel de cumprimento das medidas propostas e eficacia das distintas intervencións.
- Nivel e grao de adecuación das canles de coordinación establecidas.

Para facer esta avaliación, o departamento contará coa valoración dos equipos de nivel e ciclo expresada a través da persoa coordinadora no modelo facilitado polo departamento de orientación ou outro que se estime. Feita a avaliación, recolleranse as propostas de mellora aportadas polos membros do departamento. Estas propostas, unha vez debatidas no departamento, trasladaranse ao claustro para o seu coñecemento e servirán de base para a concreción anual do plan de atención á diversidade ou a reformulación se é o caso. O novo plan de atención á diversidade que xurda das propostas de mellora precisará da aprobación do consello escolar cando haxa modificacións que afecten significativamente aos criterios establecidos para a atención á diversidade ou cando algún integrante do departamento exprese a súa disconformidade.

O equipo directivo, unha vez revisadas as actas do departamento e recollida a información pertinente, considerará a revisión e modificación do Plan.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	Departamento de Orientación	CEIP ALBORADA
	PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	

11. ANEXOS

- I. Avaliación Inicial do alumnado.**
- II. Informe sobre o RE por parte do/a titor/a.**
- III. Ficha de Seguimento do RE por parte do profesorado non especialista en PT/AL.**
- IV. Ficha de Seguimento do Enriquecemento Curricular**
- V. Ficha de Seguimento trimestral da ACS.**
- VI. Programa de Recuperación.**
- VII. Informe da/o especialista en PT.**
- VIII. Informe da/o especialista en AL.**
- IX. Autorización para o intercambio de información cos Servizos Externos ao centro.**
- X. Protocolo para a intervención do D.O. e aplicación de medidas extraordinarias.**
 - a.- Solicitud de intervención do D.O. Titores e autorización da Dirección.
 - b.- Cuestionariode Avaliación Psicopedagóxica Titores/as da etapa Infantil.
 - c.- Cuestionario de Avaliación Psicopedagóxica Titores/as da etapa Primaria.
 - d.- Autorización Familias de Av. Psicop.
 - e.- Conformidade da Familia para a adopción de medidas de atención á diversidade.
 - f.- Conformidade da Familia para a realización dunha ACS.
 - g.- Conformidade da Familia para a Flexibilización: permanencia dun ano máis na educación infantil/primaria.
 - h.- Conformidade da Familia para a Flexibilización por altas capacidades: redución do período de escolarización obrigatoria nun ano.
 - i.- Solicitud de Informe Psicopedagóxico por parte das familias/titores legais.
 - j.- Derivación de alumnado aos Centros Cívicos.
 - k.- Derivación do alumnado estranxeiro á Escola Intercultural.